



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Expdte. 2024/G003/001724

RESOLUCIÓN

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (EXPDTE. 2022/E001/000014). SUBSTITUCIÓN DE PERSOA APROBADA.

EXPEDIENTE: 2024/G003/001724

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Mediante resolución da Alcaldía nº 1662/2024, de data 26/11/2024, aprobouse a modificación da relación de persoas aspirantes (aprobadas) que superaron o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal para cubrir unha praza de persoal laboral fixo correspondente á oferta de emprego público do ano 2021, EDUCADOR/A SOCIAL [Convocatoria DA 6ª e 8ª Lei 20/2021, de 28 de decembro] (**Expdte. 2023/E001/000014**).

Visto que a persoa aprobada, con data 29/11/2024, rexistro de entrada nº 202499900003320, comunicou a súa renuncia a presentar no Rexistro Xeral do Concello a documentación establecida no art. 8.1 (Persoas aprobadas) das Bases reguladoras do proceso selectivo a efectos de acreditar que se reúnen os requisitos necesarios para ser contratada como persoal laboral fixo.

Vista a listaxe de reserva na que figura incluída a persoa aspirante que non resultou aprobada por obter unha puntuación inferior á da persoa que obtén a praza.

Vista a proposta do Tribunal de Cualificación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, así como a orde de prelación de acordo coas puntuacións obtidas no concurso.

Visto o disposto no art. 8.2 (Contratación como persoal laboral) das Bases reguladoras do proceso selectivo.

No uso das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

1.- Ter por decaído no seu dereito a ser contratado como persoal laboral fixo: Educador/a Social, ao renunciar a acreditar no prazo establecido ao efecto a posesión dos requisitos esixidos para proceder a esta contratación.

APELIDOS E NOME	DNI
MARTÍNEZ FUENTES, IVÁN	***1124**

2.- Substituír como persoa aprobada, que figura incluída na lista de reserva, á aspirante que superou o proceso selectivo:

Educador/a Social

APELIDOS E NOME	DNI
MELLA CASTRO, ANA MARÍA	***0871**

3.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e páxina web do concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O Secretario
Juan Luis González Iglesias